



CONCELLO DA PONTENOVA

C.I.F. P-2704800 H – N.R.E.L. 01270484

BANDO

DON DARIO CAMPOS CONDE, ALCALDE DO CONCELLO DE A PONTENOVA (LUGO).

FAI SABER:

Á VECIÑANZA que debido á preocupante situación xerada pola expansión do Coronavirus, o Concello de A Pontenova decidiu adoptar as seguintes medidas preventivas que entrarán en vigor a partir do luns día 16 de marzo de 2020, axustándose ás indicacións da Organización Mundial da Saúde, o Ministerio e a Xunta de Galicia:

- A suspensión de todas as actividades municipais deportivas, culturais e de servizos sociais ata o día 30 de marzo, como mínimo e condicionado á evolución da enfermidade.
- A atención ao público nas dependencias municipais limitarase, a causas de urxencia e extrema necesidade, permanecendo pechadas as portas das oficinas do concello, prérgase chamar previamente ao teléfono do Concello (982 34 22 77). Tamén se poderán levar a cabo as xestións precisas a través da sede electrónica (<https://concellodapontenova.sedelectronica.es/info.0>).
- Peche das instalacións municipais: Casa do Concello, Polideportivo Municipal, Casa da Cultura, Oficina de Turismo, e demais instalacións.
- Suspensión de todas as actividades, cursos, obradoiros ou accións similares que, por parte de asociacións, agrupacións, veciños e veciñas, etc. se leven a cabo en instalacións ou edificios municipais, así como a Escola de música do Concello.
- Manteranse os servizos básicos asistenciais como Axuda no Fogar, pero extremando as medidas de prevención recomendadas pola Consellería de Sanidade.-
- Recoméndase que se sigan as instrucións ditadas polo Ministerio de Sanidade e a Consellería de Sanidade (Xunta de Galicia), e en caso de ter algún síntoma contactar co 061 ou co teléfono de información para a cidadanía 900 400 116.

Recoméndase tamén:

- Non levar aos nenos e nenas ao parque infantil.
- Evitar as aglomeracións, realizar viaxes e desprazamentos.
- Seguir as instrucións ditadas polas autoridades sanitarias.

Rógase a todos os veciños e veciñas da Pontenova a máxima colaboración.

A 13 de marzo de 2020

O alcalde

Darío Campos Conde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE



Cod. Validación: 5F5T75CA6RXVWDWZE-WNLJN4WQ6 | Corrección: <https://concellodapontenova.sedelectronica.es/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestión pública | Páxina 1 a 1